



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
04.06.2019

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 04.06.2019

HORA DE COMEZO: 12:05

HORA DE REMATE: 14:05

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Xoán Cebro Rodríguez
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a M^a do Carmen Fouces Díaz
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Francisco Javier Casares Mouriño

NON ASISTEN

D. Óscar Moldes Pita
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a Rosa María Sánchez Gándara

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, 4 de xuño de 2019, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (16.04.2019).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Aprobación definitiva, se procede, da creación da spin-off "Ancora" e da participación da UVigo, consonte acordo do Consello de Goberno de 29 de abril de 2019, e aprobación previa do Consello Social en pleno do 27 de decembro de 2018.

Informes, propostas e acordos da Comisión Executiva (sesión do 2 de abril de 2019).

5. Informes sobre a taxa de abandono e a taxa de graduación na UVigo correspondente ao curso 2017/2018 e comparativas, consonte os datos da Área de Calidade.
6. Aprobación, se procede, da modificación de estatutos da Asociación de universidades do Estado español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación (AUNETI).
7. Aprobación da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da UVigo á Asociación Olímpada Española de Economía.
8. Asignación de complementos. Outros acordos. Taxas e memorias.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 21 de maio de 2019).

9. Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para 2019, orientada a avanzar nas prácticas dos estudantes. Asignación económica.
10. Aprobación, se procede, sobre o patrocinio de actividades para concienciar á sociedade sobre o valor da ciencia e da innovación, e para a difusión de experiencias científicas e tecnolóxicas entre xoves estudantes.
11. Aprobación, se procede, da elaboración e distribución de carpetas-guía de acollida aos novos alumnos que se matriculen na UVigo o curso 2019-2020. Asignación económica.
12. Outros acordos.
13. Aprobación, se procede, da colaboración solicitada para o fomento de competencias dixitais dos alumnos da Uvigo, nos tres Campus.
14. Convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de abril.
15. Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social para a distribución das 53 bolsas-colaboración asignadas para o curso 2019-2020 á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, da que se dará conta nun próximo Pleno.
16. Reflexións sobre a posible creación dunha universidade privada en Galicia.
17. Rogos e preguntas.

Agradece o Presidente a asistencia dos presentes.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (16.04.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Don Ernesto da conta das iniciativas promovidas pola Conferencia de Consellos Sociais de España (CCS) e pola CRUE ante o desinterese sobre a educación superior que amosaron os partidos políticos durante a recente campaña electoral. Trátase de dous documentos reivindicativos que están a disposición dos interesados.

Explica así mesmo o acordo da CCS con Alumni España para promover acción conxuntas, entre elas elaborar estudos que melloren o coñecemento da vida socio-laboral dos Alumni (a imaxe do feito por Luis Espada na UVigo por iniciativa do Consello Social), e desenvolver accións para promover a captación de fondos. Respecto a este punto comunica os resultados das Xornadas de Fundraising e Mecenado organizadas polo Consello Social en Vigo, e das que se ofrece toda a información, relatorios presentados e documentación gráfica na Web creada a este fin.

Informa da alianza establecida polo Consello Social co Parque Tecnolóxico de Galicia para fomentar entre os xoves o valor da ciencia, da innovación e do coñecemento, e prestixiar e concienciar sobre o seu valor á sociedade en conxunto. Anuncia, finalmente, a renuncia de Jorge Cebreiros como membro do Consello Social por razón de incompatibilidade, sinalando que o recollido na Lei do SUG a este respecto pode poñer en risco a presenza dos representantes Empresariais, circunstancia da que se alertou á Secretaría Xeral de Universidades. Agradece ao dimisionario o seu traballo activo e comprometido durante a súa estadía.

Pregunta don Manuel González polas críticas aparecidas na rede social da comunidade universitaria respecto do uso do galego e da ausencia de mulleres no programa das Xornadas de Mecenado. Responden o presidente e o secretario que no caso do galego tratouse dun simple axuste temporal dun correo na Web, que por razón de operatividade decidiuse remitilo en primeira instancia a direccións de toda España, e posteriormente á comunidade. Respecto da paridade deixase constancia de que se tratou dunha organización externalizada á que non se lle fixo o seguimento debido, mesmo no anterior pleno no que se deu conta da iniciativa e do programa a desenvolver. Asume don Ernesto Pedrosa a importancia do sucedido, así como das explicacións que foron remitidas por carta á profesora que alertou sobre o feito, e amosa o seu compromiso a futuro. Don Emilio Zunzunegui, dona Elena Añel, e don Javier Garrido expresan distintas opinións sobre esta circunstancia.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Comunica don Manuel Reigosa que unha vez autorizada a impartición de cursos cun mínimo do 80% das materias en Inglés, farase agora o propio en Galego. Para o curso 2019/2010 serán tres titulacións que se impartirán na UVigo, dúas en Santiago e unha na Coruña. Así mesmo informa o Reitor da creación dunha Cátedra sobre feminismos; da implicación en medidas sobre violencia de xénero e igualdade; das novas iniciativas para a captación de talento; da reunión cos grupos políticos representados no Parlamento Galego para falar, entre outros temas, de financiamento, envellecemento do persoal docente, impacto e regulación de posibles universidades privadas en Galicia; e do novo calendario académico, por primeira vez en común e para todos igual, o que agradece ao secretario xeral da UVigo. Remata explicando acordos entre as universidades galegas en asuntos académicos e de comunicación, así como referidos ao mapa de titulacións. E finalmente subliña a importancia das xestións xa avanzadas sobre a cesión á universidade de edificios na cidade de Vigo.

Xosé Manuel Atanes celebra que se avance no emprego do Galego como nova opción nas titulacións, e pide que se avance nesa liña. Don Manuel González interésase por como se contempla a internacionalización. Resposta don Manuel Reigosa que a intención é seguir implementando novas titulacións que se impartan en Galego, se non se pode ao 80%, que sexa ao 60%. Engade que os futuros estudantes da UVigo deberán vir da lusofonía ou Iberoamérica, e que o obxectivo a longo prazo é que calquera poida estudar en galego ou en castelán na Uvigo.



PUNTO 4

Aprobación definitiva, se procede, da creación da spin-off "Ancora" e da participación da UVigo, consonte acordo do Consello de Goberno de 29 de abril de 2019, e aprobación previa do Consello Social en pleno do 27 de decembro de 2018.

Explica o presidente este punto e os aspectos máis relevantes da solicitude, así como do procedemento seguido.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 5

Informes sobre a taxa de abandono e a taxa de graduación na UVigo correspondente ao curso 2017/2018 e comparativas, consonte os datos da Área de Calidade.

Presentadas as conclusións, don Manuel González, don Javier Garrido e dona M^a Elvira Larriba fan distintas reflexións sobre a importancia dos datos e dos elevados índices que se amosan nalgúns casos. O secretario sinala a importancia tamén dos datos de graduación, e apunta que se solicitaron novos traballos para profundar, entre outros indicadores, no análise do motivo dos abandonos e da incidencia do cambio de estudos neses abandonos.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da modificación de estatutos da Asociación de universidades do Estado español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación (AUNETI).

Vista a documentación que se achega, os antecedentes, e a proposta favorable da Comisión Executiva.

- ***O Pleno aproba a modificación.***

PUNTO 7

Aprobación da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da UVigo á Asociación Olímpada Española de Economía.

Explicada a finalidade da asociación, a súa incidencia directa e positiva nos alumnos e a capacidade para crear vínculos entre a ensinanza universitaria e outros niveis educativos.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 8

Asignación de complementos. Outros acordos. Taxas e memorias.

Resume o presidente o resto dos acordos da Comisión, entre eles a asignación a unha profesora dun complemento por excelencia curricular (convocatoria 2017), modificado tras presentar un recurso.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para 2019, orientada a avanzar nas prácticas dos estudantes. Asignación económica.

Don Ernesto Pedrosa pon en coñecemento dos presentes a colaboración mantida coa FUVI nos últimos anos, e as principais liñas de actuación previstas no convenio que se propón.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



PUNTO 10

Aprobación, se procede, sobre o patrocinio de actividades para concienciar á sociedade sobre o valor da ciencia e da innovación, e para a difusión de experiencias científicas e tecnolóxicas entre xoves estudantes.

Proxecto en colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia para achegar aos xoves a retos e experiencias científico-tecnolóxicas, e difundir entre a sociedade o valor da ciencia e da innovación. O PTG desenvolve iniciativas que implican cada ano a máis de 3.000 xoves entre 11 e 17 anos a través das Aulas Tecnópole e da Galiciencia. A acción central sería o lanzamento dun globo á estratosfera, con sensores, ferramentas audiovisuais e dixitais que permitirán aos estudantes realizar estudos e experiencias como se se tratase dun satélite.

- ***O Pleno dá a súa conformidade***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da elaboración e distribución de carpetas-guía de acollida aos novos alumnos que se matriculen na UVigo o curso 2019-2020. Asignación económica.

Como é xa habitual nos últimos cursos, propónse a elaboración de *carpetas-guía* para facilitar a acollida dos novos alumnos que se matriculan por primeira vez na Universidade de Vigo para o curso 2019/20. A cifra total de unidades estimada –a expensas do número final de matriculados- elévase a 3.200. Para a elaboración e produción de contidos, teranse en conta as posibles indicacións ou suxestións que se aporten dende as Vicerreitorías de Comunicación e Relacións Internacionais, e de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. Na proposta da Comisión reflíctese que a dotación máxima aprobada é de 8.300 €, e que as carpetas serán entregadas en actos de acollida ao alumnado, que organizarán en setembro as dúas Vicerreitorías en cada un dos tres Campus.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 12

Outros acordos.

Describe o presidente algunhas das axudas concedidas e patrocinios de maior relevancia autorizados pola Comisión.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTOS 13

Aprobación, se procede, da colaboración solicitada para o fomento de competencias dixitais dos alumnos da Uvigo, nos tres Campus.

Expón don Ernesto Pedrosa os obxectivos da proposta, que cualifica de especialmente beneficiosa para a formación complementaria os alumnos dos tres Campus. A aportación solicitada ao Consello Social ascende a 12.000 €.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 14

Convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de abril.

Resposta o Reitor a unha intervención de don Manuel González respecto dun convenio firmado co Banco Santander, que se ben a entidade bancaria está sendo moi xenerosa cas universidades no seu conxunto, e coa de Vigo en particular, prestaráselle a este convenio a mesma atención que aos demais.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 15

Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social para a distribución das 53 bolsas-colaboración asignadas para o curso 2019-2020 á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, da que se dará conta nun próximo Pleno.

Por indicación do Presidente, explica o Secretario que o curto prazo concedido polo Ministerio de Educación para distribuír as becas-colaboración, que remata o 10 de xuño, dificulta que o listado de adxudicatarios poida ser levado a unha comisión ou a un Pleno, por ter que darlle aos departamentos un prazo mínimo para que envíen as súas solicitudes. Engade o Secretario que a distribución que se fai no Consello Social, da que se dá traslado tanto ao Ministerio como a Becas, na UVigo, resolveuse sempre sen incidencias. Polo exposto, solicítase ao Pleno esta delegación operativa da aprobación do listado, do que se dará conta nunha próxima sesión.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 16

Reflexións sobre a posible creación dunha universidade privada en Galicia.

Introduce o presidente para deixar constancia do escrito presentado por don Xosé M. Atanes e dona Elena Añel no que amosan o rexeitamento á creación dunha universidade privada en Galicia. Anticipa don Ernesto Pedrosa que non se trata de tomar nesta sesión un acordo sobre un asunto do que non existe solicitude formal en ningunha instancia, senón de abrir e seguir o debate consonte se vaian producindo os acontecementos, o que será propiciado polo feito de que se convocarán dous plenos máis entre xuño e xullo. Reitera a súa opinión, xa expresada nos plenos de decembro de 2018 e abril de 2019, no senso de abrir o debate pero sen pronunciarse ata que exista constancia oficial e documentada da universidade privada ata o de agora só anunciada nos medios. Na mesma liña da carta citada, insta aos membros a que aporten as achegas, documentos ou propostas que estimen oportunas para abordar a cuestión dende a posición máis plural posible. Neste mesmo senso pronúnciase don José María Franco, partidario de agardar a ter máis información para efectuar un pronunciamento de maior calidade.

Dona Elena Añel valora que se teña incluído o asunto na Orde do día e pide que se reflexione e se produza un posicionamento de parte do Consello Social sobre este asunto, porque dubida que se lle pida opinión e para anticiparse a posibles feitos consumados. Afirmo que a posibilidade dunha universidade privada non beneficia á universidade pública. Don Xosé Manuel Atanes manifesta que a carta que subscriben é un escrito aberto, un documento de partida no que caben achegas e aportacións.

O Reitor amosa inquedanza non tanto coa creación dunha universidade privada como pola posibilidade de que estea desvencellada do Sistema Universitario de Galicia (SUG), e se xere competencia que podería ser negativa. Por outra banda entende que a lei é clara, e revela que os tres reitores pediron xa un estudo de como unha posible universidade privada inseriríase no SUG. Di non dispor de información de se se van detraer fondos públicos ou se se poderán impartir títulos que se están impartindo nas públicas, por exemplo. E reitera que "non nos poderemos opoñer" si se cumpren todos os requisitos que marcan as normativas estatal e galega, pero para iso será preciso saber cales son as regras do xogo con antelación. Matiza que a lei galega é máis esixente cas universidades privadas que noutras comunidades, porque as obriga a poñer investigación, facer doutoramento ou implantar un mínimo de titulacións e de ramas de coñecemento. Remata admitindo que se é legal e cumpre, sairá adiante. Don Javier Garrido resposta que non pode ser doutro xeito, ao tempo que se declara partidario de universidades privadas si son de calidade.

Don Xulio Calviño avoga por acceder a máis información, e dende outra óptica estima que se calquera universidade privada tivera que cumprir a lei en Galicia co mesmo nivel de esixencia das públicas, posiblemente non se implantaría porque non sería rendible. Pide que se poña a lupa no proceso, antes de que se poida constituír.

Don Manuel Reigosa fai a continuación unha documentada presentación gráfica sobre o que representan as universidades públicas e as privadas, no contexto nacional e galego e incluso global, con comparativas e indicadores de contraste e de evolución, de debilidades e de fortalezas. No fondo



da exposición cala entre os presentes a idea de que, en liñas xerais, é máis fácil graduarse na universidade privada que na pública, pese a ter a privada unha marcada tendencia a dar cabida aos estudantes con nota máis baixa.

Don Manuel González dubida sobre a denominación, e pregúntase se en vez de universidades non se deberían chamar centros de ensino superior. Tamén se pregunta se o feito de que se lles autoricen notas de entrada tan baixas non é indicativo de que as regras de xogo non son iguais para todos, ou por que non entran nos ámbitos da Ciencia e na Tecnoloxía, e pide aos reitores que contemplan estes escenarios.

Don Xan Cebro demanda que se cumpra a lei en todos os parámetros, tanto na implantación como no seguimento que se deberá facer. Afirma que se se cumpre non cabe opoñerse.

Dona Carmen Fouces expresa que aínda cumprindo ca legalidade, non é estraño manifestarse en contra, porque a universidade privada debilita á pública, fai que sexa menos relevante e menos excelente, e aumenta a fenda da desigualdade, e os docentes non terán os estándares da pública. Da por descontado que non se financiará con fondos públicos, pero alerta que hai outras formas posibles e indirectas de axudalas. Declara que manifestarse a favor ou en contra da universidade privada é igual de lexítimo, e enmarcao nun posicionamento ideolóxico.

Opina don Jesús Graña que á sociedade non se lle deben quitar oportunidades, que en todas as comunidades autónomas hai universidades privadas, que ata poden ser unha oportunidade para as públicas. E non ve que sexa un tema ideolóxico puro senón un asunto de oferta e demanda.

O Reitor intervén para proclamar que "nós non temos ningún medo", e que a posible chegada dunha universidade privada sería un aliciente máis para facer as cousas mellor.

Intervén dona Mercedes Castro que ve a universidade privada como unha competencia desleal e inxusta co sistema educativo. Cualifica a súa posible chegada como moi preocupante e que fará moito dano aos estudantes que se esforzan. Tamén advirte que a lei ten moitas fisuras e folgoras e amósase a favor de pronunciarse como representantes sociais.

Don Emilio Zunzunegui pregunta se existe o "risco de desvencellamento do SUG", ao que aludiu o Reitor. Cuestiónase a conveniencia de que se pronuncie o Consello Social porque podería transmitir que hai medo. A cambio pide que se cumpra e se esixa o cumprimento da legalidade ao máximo, e mentres se activen todas as cautelas posibles no camiño. Pregunta finalmente se unha privada terase que adaptar á lei galega ou non.

Resposta o Reitor que iso é o que hai que aclarar, para o que é preciso un acordo entre todos, entendendo que se hai un actor máis no SUG deberá someterse á mesma normativa que xa se aplica ás demais universidades.

Pecha don Ernesto Pedrosa deixando constancia de que se seguirá falando deste asunto na medida en que se produza información, referindo que o Consello Galego de Universidades abordará este asunto desde un punto de vista meramente informativo na próxima sesión.

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:05 horas do 4 de xuño de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias